

IX Semana de Teatro Á escena!

19 ao 24 de agosto de 2023



Deputación
DA CORUÑA



IX SEMANA DO TEATRO E
DAS ARTES ESCÉNICAS

Á escena!

Do 19 ó 24 de agosto
Auditorio Baldomero Cores ás 21.30 h.

Bonos á venta na biblioteca

- Xeral: 22 €
- Pensionistas, estudantes e desempregados: 15€
- Entradas individuais por espectáculo:
Xeral: 7€
Bonificada: 5€
(mercaranse na taquilla o propio día)

Exposición:
30 anos de Mofa e Befa
Do 3 ao 24 de agosto de 2023 na
Casa de Cultura de Cee.
De luns a venres de 9.30 h. a 13.30
h.

- Sábado 19**
"Códice K", de Ainé
- Domingo 20**
"Parasimpáticas", de
Ainé
- Luns 21**
"La casa de Bernarda
Alba", de Noite Bohemia

- Martes 22**
"Chulísima", de Aldaolado
- Mércores 23**
"Molto barroco", de Píscore
- Xoves 24**
"Pirolíticos", de Mofa & Befa



INAUGURACIÓN 3 AGOSTO ÁS 12.00H

CASA DA CULTURA CEE

EXPOSICIÓN 3 - 24 AGOSTO 2023

DE LUNS A VENRES DE 9.00 A 14.00H

TARDES E FINS DE SEMANA: EN FUNCIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DO AUDITORIO

E CONSULTAR CARTELEIRA E REDES SOCIAIS DO CONCELLO

30 ANOS CON MOFA E BEFA

O mes de agosto está historicamente ligado ó teatro na vila da Cee.

Á EsCEEña!, é un referente no panorama teatral galego da segunda quincena do mes de agosto.

Este ano, iniciamos Á esCEEña! coa exposición comisariada pola artista Natasha Lelenco, na que se percorre a traxectoria deste dúo cómico desde os seus inicios desafiantes nos primeiros anos 90 até a actualidade, nun camiño no que se atreveron con clásicos como Shakespeare ou Rosalía de Castro.

Unha visión retrospectiva dos traballos realizados desde o ano 1992 por Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo que poderá visitarse ata o xoves 24 de agosto, pechando así a edición de Á EsCEEña 2023, precisamente co seu espectáculo Pirolíticos.

CÓDICE K



SÁBADO 19 DE AGOSTO ÁS 21.30 H.

Ainé produccóns: Códice K

Publico Recomendado: +13 anos

Auditorio Baldomero Cores da Casa de Cultura de Cee

Elenco: Lucía Veiga, Marita Martínez, Graciela Carlos e Patricia Castrillón

Dos creadores de Fariña, chega: Códice K.

En xullo de 2011 desaparece o Códice Calixtino. En xullo de 2012, xusto un ano despois, a policía recupera o libro, agochado nun garaxe. Que pasou en todo ese tempo? Investigacións, sospeitas, seguimentos, interrogatorios... Iso é Códice K: o que non se sabe porque nunca se contou. Códice K, o máis grande "true crime" da historia de Galicia. A partir do texto de Manuel Cortés e coa dirección de Tito Asorey, esta comedia non conta sobre o escenario co electricista autor do roubo, nin co xuíz, nin co inspector nin cos membros da curia... As protagonistas da obra son as mulleres que o circunvalaron, como son a muller do electricista, a inspectora, monxas...

CÓDICE K

Unha comedia sobre o roubo do Códice Calixtino



Lucía Veiga
Marita Martínez
Graciela Carlos
Patricia Castrillón

Un texto de Manuel Cortés dirixido por Tito Asorey co acompañamento de Henri Rodríguez
Música Russ - Iluminación e audiovisuals Laura Iturralde - Vestuario Laura Baena - Escenografía Banale

PARASIMPÁTICAS



DOMINGO 20 DE AGOSTO ÁS 21.30 H.



Ainé Producóns: Parasimpáticas: o galego é un estado mental

Publico Recomendado: +13 anos

Elenco: Lucía Veiga e Marita Martínez

Parasimpáticas: O galego é un estado mental é a nova obra de dúas grandes cómicas do panorama teatral galego como son Lucía Veiga e Marita Martínez.

Dúas neuronas organizan unha Xunta Extraordinaria Neuronal para analizar o estado da materia gris galaica e estimular novas conexions galaico simpáticas. Cada punto da orde do día levará ás neuronas asistentes a percorrer lugares comuns do consciente colectivo, no que a versión galega sempre é moito mellor.

Porque ser galego é un estado mental.

BERNARDA ALBA



LUNS 21 DE AGOSTO ÁS 21.30 H.

Cia. Noite Bohemia: A casa de Bernarda Alba


Público Recomendado: +13 anos

Auditorio Baldomero Cores da Casa de Cultura de Cee.

A Casa de Bernarda Alba é unha obra teatral escrita por Federico García Lorca en 1936. A historia desenvólvese nun pequeno pobo andaluz e aborda temas como a opresión, a represión sexual e a loita polo poder nunha sociedade patriarcal.

Esta obra céntrase na tiranía moral e a represión sexual que Bernarda exercía sobre as súas fillas. Bernarda imponles 8 anos de illamento, levando ata o irracional as convencións sociais sobre o loito. A aparición de Pepe o Romano, disposto a casar coa filla maior, Angustias, desencadea o conflito. Todas as fillas, fóra da menor, Adela, aceptan as disposicións da súa nai. Adela será o personaxe rebelde, típico de Lorca, no que se presenta a oposición entre a autoridade e o desexo.

Está ambientada nun momento contemporáneo ao autor e inspirada en feitos reais, supón unha gran reflexión crítica sobre os costumes daquela época. A tiranía da suposta honra e as normas sociais represéntanse con gran realismo no personaxe de Bernarda, quen afoga as ansias de liberdade e de vida do personaxe de Adela.



CHULÍSIMA



MARTES 22 DE AGOSTO ÁS 21.30 H.



AldaoLado: Chulísima

Público Recomendado: +12 anos

Auditorio Baldomero Cores da Casa de Cultura de Cee.

Elenco: Lucía Aldao e María Lado

En Chulísima Aldao e Lado volven empregar a retranca, o humor, a poesía e a música para achegar a quen desexe atreverse a nosa lingua. Durante o espectáculo contamos a historia do galego como nunca cha contaron, moi rápido, moi claro e con bastante sentido do humor. E intentamos desmontar algúns dos prexuízos que algunas persoas usan como escusa para non dicir as súas primeiras frases en galego. Non é unha palestra sobre a historia da lingua, nin unha análise científica sobre a súa situación actual. Nin sequera é un espectáculo didáctico. Pero seguro que descobres cousas. E se vendo CHULÍSIMA aprendes algo é porque es unha persoa intelixente e sensible. Daquela estás preparada para falar galego.

MOLTO BARROCO



MÉRCORES 23 DE AGOSTO ÁS 21.30 H.

Piscore: Molto barroco

Público Recomendado: +7 anos

Elenco: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez, Pablo Cabanelas

Auditorio Baldomero Cores da Casa de Cultura de Cee.

Molto Barroco é, antes que nada, unha reivindicación das composicións musicais barrocas desde o teatro. Píscore Teatro ofrece a posibilidade de disfrutar, desde o teatro e o humor, da música da época barroca. Con motivo do baile de petición de man da súa prometida, o Rei encarga ao Compositor da corte unha peza orixinal. Esta solicitude desencadea unha serie de escenas cómicas entre o Compositor e os seus tres músicos de cámara nas que teñen cabida todo tipo de gags, rutinas cómicas e musicais, bailes e ata xogos malabares. Pero, paralelamente, o espectáculo nútrese doutra sinxela trama, unha sorte de comedia de enredo entre o Rei, a súa prometida e, se cadra, futura Raíña e o Compositor. Un triángulo amoroso que contará coa complicidade dun Bufón de actitude irreverente.

PÍSCORE



**MOLTO
BARROCO**

PIROLÍTICOS



XOVES 24 DE AGOSTO ÁS 21.30 H.

Mofa & Befa: Pirolíticos

Público Recomendado: +13 anos

Auditorio Baldomero Cores da Casa de Cultura de Cee.

Elenco: Víctor Mosquera e Evaristo Calvo

Cunha estrutura en sketches, como é habitual en Mofa e Befa, e, por suposto, con música (desta volta, cun marcado estilo perrallas rock), Pirolíticos é esencialmente unha guía para orientar ao público sobre as novas masculinidades de sempre e conseguir (no caso dos homes) unha correcta pirólise en 10 pasos sinxelos. Ao igual que os fornos modernos, é necesario conseguir un estado de "baleiro total" para poder comprender e asumir os novos conceptos que o feminismo achegou nas últimas décadas. Reflexionar sobre o impacto do patriarcado nos propios homes, recoñecer a súa posición de privilexio, e amosar as contradicións que estas influencias provocan no noso día a día, poñendo o foco en todo momento sobre un home que simpatiza coa teoría feminista e aspira a vivir en consonancia con ela, pero que ten que enfrentar unha cultura machista profundamente instalada.